



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

### **ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DO ALCALDE, COMO RESULTADO DAS ELECCIÓN MUNICIPALES DO 24 DE MAIO DE 2015.**

No Salón de Sesións da Casa do Concello do Corgo, a 13 de xuño de dous mil quince, ás once horas e corenta e cinco minutos da mañá, dá comezo a sesión citada, na que comparecen tódolos Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Municipais celebradas o día vintecatro de maio, para dar cumprimento ó previsto nos artigos 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, de 19 de xuño de 1985 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro, sesión convocada polo Sr. Alcalde en funcións mediante Resolución de 10 de xuño deste ano.

O Sr. Secretario do Concello fai constar que se recibiu da Xunta Electoral de Zona de Lugo a acta de proclamación de concelleiros electos e do número de votos obtido por cada candidatura, así como que, con anterioridade a este acto, fóronlle entregadas as credenciais de cada un deles e a declaración de causas de posible incompatibilidade ou de calquera actividade que lles proporcione o poida proporcionar ingresos económicos, e a de bens patrimoniais.

De seguido, e en base ós datos existentes no Padrón Municipal de habitantes, indica que a Mesa de Idade estará integrada por Don José Antonio Ferreiro González, como concelleiro proclamado de maior idade, que a presidirá, e Dona Marta López Abeledo, como concelleira electa de menor idade, como vocal, actuando como Secretario da mesa o da Corporación, Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil.

Non se producen obxeccións e queda constituída a Mesa polos señores citados.

Esta comproba tódalas credenciais presentadas, e non habendo ningunha obxección, procede a chamar a cada un deles, pola orde na que figurán na certificación da Xunta Electoral de Zona de Lugo, os cales prestan xuramento ou promesa de cumplir fielmente as obrigas de concelleiro, de acordo coa fórmula regulada no RD 707/1979, de 5 de abril.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Unha vez xurado ou prometido o cargo, toman posesión do mesmo, quedando constituída a Corporación polos seguintes concelleiros:

1. FRANCISCO JAVIER VILA NÚÑEZ
2. JOSÉ ANTONIO FERREIRO GONZÁLEZ
3. FELIPE LABRADA REIJA
4. MARCOS TRASHORRAS REIJA
5. MARÍA MAR GÓMEZ GÓMEZ
6. MARÍA JESÚS ALVAREZ FOLE
7. JAVIER CERQUEIRO GONZÁLEZ
8. JESÚS SEIJAS ABUÍN
9. MARTA LÓPEZ ABELEDO
10. MARIO OUTEIRO IGLESIAS
11. XOSÉ ENRIQUE CASANOVA SÁNCHEZ

Constituída a Corporación, procédese á elección do Alcalde mediante votación ordinaria a man alzada, obténdose os seguintes resultados:

- José Antonio Ferreiro González: 5 votos.
- Javier Cerqueiro González: 5 votos.
- Francisco Javier Vila Núñez: 1 voto.

De conformidade co establecido no Art. 196 da LOREG, ao non obter ningún candidato á alcaldía a maioría absoluta de votos, será proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no concello. A lista máis votada, segundo a acta de proclamación de electos citada ao comezo desta acta, foi a do Partido Popular.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Queda proclamado, polo tanto, como Alcalde D. José Antonio Ferreiro González, que tras prestar xuramento conforme ó disposto no Real Decreto antes citado, toma posesión do cargo e comeza a presidir a sesión, cesando nas súas funcións como presidente da Mesa, facendo o mesmo a vocal, Sra. Marta López Abeledo.

Intervén o Sr. Alcalde, D. José Antonio Ferreiro González, dando, en primeiro lugar, a benvida aos novos concelleiros D. Javier Cerqueiro e Dª Marta López Abeledo. Di que a lexislatura que comeza será diferente, con moitos cambios, xa que hai 4 grupos políticos sen maioría, e pensa que esta situación pode ser tanto ou máis construtiva que a anterior, invitando aos grupos ao diálogo e a traballar de xeito construtivo, xa que o estilo do seu grupo non foi nunca pasar o rodillo. Continúa dicindo que se comeza cun PXOM aprobado, que custou moiísimo esforzo sacar adiante e que aínda arredor do 50 % dos concellos galegos non o teñen aprobado. Pensa que contar con este instrumento aprobado facilitará o desenvolvemento do concello. Finalmente, invita a tódolos señores concelleiros a esquecer as diferenzas e rabietas da campaña electoral e traballar xuntos polo Corgo.

Finalmente, o Sr. Secretario dá conta do Inventario de Bens Municipais, segundo rectificación do inventario realizada a 1 de xaneiro de 2015, e que ascende a un total de tres millóns seiscentos corenta e sete mil cincocentos trinta e catro euros con noventa e nove céntimos de euro (3.647.534,99 €).

O estado da Tesourería Municipal, referido a 11 de xuño de 2015, ascende a un total de dous millóns oitenta e nove mil cento trinta e catro euros con dezanove céntimos de euro (2.089.134,19 €).

Finalizadas as intervencións, levántase a sesión por orde do Sr. Alcalde, as 12 horas, do que eu Secretario dou fe.



